



Andrew McMillan naceu en 1988 no condado inglés de Yorkshire do Sur e vive hoxe en Manchester, onde traballa como lector senior da Escola de Escrita de Manchester, pertencente á Manchester Metropolitan University.

A *ópera prima* desta auténtica revelación da última poesía británica –*physical [Físico]*– foi o primeiro libro de poesía capaz de acadar o Premio The Guardian ao Mellor Libro Debut. A mesma colección de poemas acadou tamén o Premio Fenton Aldeburgh ao mellor poemario debutante, o Premio Somerset Maugham (2016), o Premio Eric Gregory (2016) e o Premio dos Escritores do Norte (2014). Así mesmo resultou nomeada a galardóns tan prestixiosos coma o Dylan Thomas, o Premio Costa de Poesía, o The Sunday Times ao Escritor Mozo do Ano 2016, o Forward á Mellor Primeira Colección, o Roehampton de Poesía e o Polari ao Mellor Primeiro Libro. Do mesmo xeito foi sinalado como Recomendación para o Outono 2015 pola afamada Poetry Book Society. Por todo iso, *Físico* non tardou en ver a luz en noruegués (2017), logo en edición bilingüe inglés-francés (2018) e faino nestes mesmos días en galego, na editorial compostelá Chan da Pólvora e grazas á tradución de Isaac Xubín.

O segundo poemario de McMillan, *playtime [Recreo]*, publicouse en Jonathan Cape o pasado ano, e foi Recomendación para o Outono 2018 da Poetry Book Society.

culturista

*o meu sobriño pregunta se pode facer press de banca co seu corpo
o novo noivo da súa nai pode e faino a miúdo*

*o meu sobriño que dixo nunha ocasión que o meu mozo era ilegal
o meu sobriño coa mesma voz e queixada do seu pai*

*o meu sobriño que protesta agora porque teño a miña man
sobre as súas bólas no primeiro intento para alzalo*

*téntoo de novo e desta volta poño as súas estreitas pernas
sobre a palma da miña man e póñolle a outra*

á altura do corazón e empurro porque

a masculinidade qué é senón termar do peso

dun rapaz e empurralo fóra?

e aquí estamos un home sostendo sobre si un neno

*horizontal como unha ofrenda ao estucado do teito
que ningún grego vería digna de ser esculpida*

←
**(ANDREW
McMILLAN)**

Luns **18** de marzo
20:30

ÁGORA
www.centroagora.es

**POETAS
DI(n)VERSOS** 2019

Gonzalo Hermo

 **ẽ** CORUÑA
PRÓXIMA



Gonzalo Hermo naceu en Taragoña (Rianxo) en 1987. Na Universidade de Santiago licenciouse en Filoloxía Galega e doutorouse en Lingüística. Traballou no Instituto da Lingua Galega, impartiu docencia na mesma universidade na que se formou e fíxoo tamén na Universitat Autònoma de Barcelona. Deuse a coñecer na primeira xuventude publicando textos en revistas como Dorna, Andar 21, Nova Ólisbos ou a Revista das Letras do xornal Galicia Hoxe. Gonzalo Hermo reside actualmente en Barcelona, traballando no sector editorial e tamén como profesor do curso anual de poesía da Escola de Lletres. Ademais, exerce a crítica literaria para diversos medios galegos e cataláns e é membro fundador da editora e librería Chan da Pólvora.

Os seus –até o de agora– tres libros de poemas comezaron con *Crac* (2011). Seguiulle *Celebración* (2014), que sería traducido ao catalán (Godall, 2016) e ao castelán (La Bella Varsovia, 2017). O mesmo título acadaría en 2014 o Premio da Crítica Española, e en 2015 significaría o primeiro Premio Nacional de Poesía Moza “Miguel Hernández” outorgado a un poemario galego. A súa obra máis recente, *A vida salvaxe* (2018) mereceu o prestixioso Premio de Poesía Afundación. Alén diso, Hermo participou en festivais de poesía de ámbito nacional e internacional, caso dos de Barcelona, Córdoba (Arxentina) ou Ottawa (Canadá).

Autobiografía #1 **Primeiro pracer**

Oín dicir que o desexo é unha imaxe da infancia.

*Daquela o meu desexo acontece ao pé dun río
nunha paisaxe asolagada polas augas
onde dous rapaces xogan a arrolarse pola herba.*

*Recordo a humidade do lugar.
O cheiro a resina que manaba dos amieiros.
A luz verde que cerca a braña á tarde.*

*Amparado nesa luz
o corpo do rapaz apertado contra a terra
o meu por riba caéndolle de lado
aterrando sobre as pedras cos xeonllos.*

*Se en verdade o desexo é unha imaxe da infancia
daquela o meu desexo acontece na ferida.*

*Cómo fuxir do lugar
en que o pracer se estanca e fermenta,
fermenta.*

*Cómo se baleira a memoria
para ser por fin
un home novo.*

←
**(GONZALO
HERMO)**
Luns **18** de marzo
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

**POETAS
DI(n)VERSOS** 2019
Andrew McMillan
CORUÑA
PRÓXIMA
c